



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VALDOVIÑO

Anuncio aprobación inicial regulamento funcionamento servizo préstamo de produtos de apoio a persoas con dependencia ou con discapacidade. Concello de Valdoviño

ANUNCIO

O Pleno da Corporación de Valdoviño, en sesión ordinaria que celebrou en data dous de febreiro de 2023, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do servizo de préstamo de produtos de apoio a persoas con dependencia ou persoas con discapacidade deste Concello.

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA DIAS HÁBILES (30) a contar dende o seguinte á inserencia deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O texto do Regulamento estará dispoñible na páxina web municipal www.concellodevaldovino.com e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente o acordo ata entón provisional e publicarase o texto íntegro do Regulamento.

Valdoviño, 08 de marzo de 2023

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández

2023/1648